

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TUI**

*ANUNCIO de convocatoria dunha praza de inspector da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, mediante concurso-oposición por promoción interna.*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra núm. 96, do 22 de maio de 2019, publicouse anuncio da Resolución de Alcaldía, do 14 de maio de 2019, polo que se aprobaron as bases e a convocatoria para cubrir unha praza de persoal funcionario de carreira da categoría inspector, da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, mediante concurso-oposición por promoción interna.

As bases da convocatoria tamén están expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronicas.gal>) e, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.tui.gal](http://www.tui.gal).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Tui, 22 de maio de 2019

Carlos Vázquez Padín  
Alcalde

